

Proxecto de Innovación en Normalización Lingüística

CEIP Gándara - Sofán



Mergullados nos mares da Palabra



INDICE.

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.....	2
2. COMPETENCIAS BÁSICAS E OBXECTIVOS.....	3
2.1. COMPETENCIAS BÁSICAS.....	3
2.2. OBXECTIVOS XERAIS.....	3
2.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	3
3. PROPOSTA METODOLÓXICA.....	6
4. ACTIVIDADES.....	8
5. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES	12
6. NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	13
7. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO, FAMILIAS E COMUNIDADE.....	13
8. PLAN DE AVALIACIÓN.....	14

1. XUSTIFICACIÓN

“Máis tarde descubrín que na escola vivíamos de costas á natureza, e oía falar de nomes e xente lonxana que nunca coñecera”

Álvaro Cunqueiro, “Artigos d’A Vida Gallega”

Cada idioma constitúe, entre outras cousas, un xeito de interpretar a realidade. A escola axuda ao alumnado, dende as idades máis temperás, a facilitar esta interpretación e enriquecer as aprendizaxes. Doutra banda, o noso centro vai celebrar durante este curso o Ano Internacional da Biodiversidade (o 2010 foi elixido polas Nacións Unidas para homenaxear a Biodiversidade), e é arredor deste feito a partires do cal se vai artellar o proxecto de Innovación Lingüística no centro: investigar a biodiversidade do noso entorno próximo para a partires do estudo da flora e da fauna, achegarnos ao idioma e voces propias do lugar coas súas variantes dialectais, coa súa tradición, os seus xogos, cancións, as súas lendas e mitoloxías e o aproveitamento da vagaxe cultural e experiencia das persoas máis anciás e próximas ao alumnado.

Non só iso. Fomentar o uso habitual do galego por parte de toda a comunidade educativa e tamén a posta en valor do mesmo é un dos motivos centrais para realizar este proxecto, perseguindo que todas as accións realizadas a través do mesmo, sexan articuladas e publicadas nas súas distintas fases (recompilación, elaboración e divulgación) a través das TIC, promovendo a familiarización e incidindo no seu uso activo, afondando no tratamento das mesmas en grande parte das súas formas, respondendo así ás necesidades que demanda a sociedade actual, e ao mesmo tempo, tentando dinamizar a vida do ámbito rural achegándoa á Rede e á sociedade da información.

En definitiva, a mellora efectiva dos procesos de ensino- aprendizaxe para achegarnos á unha educación de igualdade, equidade e calidade.

2. COMPETENCIAS BÁSICAS E OBXECTIVOS

2.1. Competencias básicas

Partindo de que as competencias básicas son unha das principais finalidades da educación obrigatoria, dende este Proxecto contribuírase á adquisición de todas elas a través das diferentes actividades propostas. Potenciaranse o desenvolvemento de todas as competencias básicas, e tendo en conta o punto de partida do Proxecto, nas que máis se incide directamente son a Competencia en Comunicación Lingüística, a Competencia no Coñecemento e na Interacción co mundo físico, o Tratamento da Información e a Competencia Dixital, a Competencia Cultural e Artística, a Competencia para Aprender a Aprender e a Autonomía e Iniciativa Persoal, sen perder de vista as demais competencias que tamén se traballarán.

2.2. Obxetivos xerais

- Favorecer o uso e o coñecemento do galego en todos os ámbitos da vida cotiá, tanto no ámbito normativo coma nas variantes dialectais, implicando tanto ao alumnado, profesorado, así como, á comunidade educativa.
- Empregar activamente as Tics como espallamento do galego e como vehículo de divulgación e participación de toda a Comunidade Educativa.
- Coñecer, respectar e valorar a biodiversidade da súa contorna, como un elemento fundamental de simbiose entre o ser humano e o medio co que interacciona.

2.3. Obxetivos específicos

- **Do alumnado:**
 - Concienciar ao alumnado do uso da súa lingua materna (galego) como medio de expresión e comunicación indispensable en calquera situación/ámbito.
 - Afondar no emprego e valoración do galego nas distintas manifestacións tanto orais coma escritas e na súa valoración.

- Coñecer as distintas manifestacións culturais da tradición oral que se manteñen latentes na memoria das persoas que viven na zona.
- Familiarizarse co uso dos diversos recursos dixitais por medio de procesadores de textos, navegadores na rede, editores de fotos, escaneado de imaxes, etc.
- Identificar e recoñecer as distintas variedades da fauna e flora existentes no entorno natural próximo.
- Aumentar a autonomía do alumnado en relación ás Tics.
- Fomentar o contacto interxeracional en tre os distintos grupos de idade da zona para o enriquecemento mutuo, compartindo experiencias vencelladas ao tempo de lecer.
- Contribuír ao enriquecemento do vocabulario do alumnado relacionado coa flora e coa fauna.
- Coñecer textos e autores diversos da literatura galega e universal e as distintas manifestacións da literatura oral e escrita.
- Desenvolver actitudes de respecto polo medio ambiente, comprometéndose coa súa mellora, coidado e conservación.
- Recoñecer o legado herdado das xeracións anteriores e proxectalo cara xeracións futuras.
- Integrar na propia conduta o respecto e o gusto pola natureza .
- Visitar e explorar o entorno natural.


- Do profesorado:

- Recompilar información natural, social e cultural sobre o entorno próximo centrándose na parroquia de Sofán.
- Organizar a información recibida para vertebrar a realización das actividades.
- Recuperar e pór en valor o legado das variantes dialectais e culturais da zona (expresións, xogos populares, refráns, contos, cancións, etc.)
- Fomentar o emprego das Tics entre o profesorado e o grupo de alumnos/as como elemento prioritario na propia actividade do centro.

- Favorecer o traballo cooperativo co entorno familiar do alumnado e con toda a comunidade educativa
- Converter o centro no lugar de encontro da comunidade educativa.
- Traballar cunha liña interdisciplinar centrada na idea da biodiversidade.
- Fomentar o uso do galego entre todos os membros da comunidade educativa coas actividades formativas a desenvolver neste proxecto.
- Artellar idioma, natureza e tecnoloxía no desenvolvemento do proxecto.
- Fomentar a cohesión grupal e a participación de todo o profesorado para levar a diante o proxecto.

- Das familias/entidades colaboradoras:

- Participar activamente no desenvolvemento do proxecto.
- Aportar aspectos tradicionais do entorno sociocultural.
- Establecer canles de participación, colaboración e comunicación co centro educativo.
- Elaborar diverso material para o desenvolvemento das distintas actividades propostas.
- Colaborar na recollida de expresións, refráns, adiviñas, lendas, xogos, ditos, anécdotas, etc. da zona, para posteriormente elaborar un arquivo documental.
- Explicar e exemplificar as diversas costumes da zona para posteriormente levalas a cabo.
- Propagar e difundir as achegas suxeridas e levadas a cabo no proxecto.
- Cooperar coas distintas asociacións ou entidades colaboradoras para promover o desenvolvemento do proxecto.



3. PROPOSTA METODOLÓXICA

Os principios metodolóxicos nos que nos imos a apoiar e que consideramos que son a canle para levar a cabo a realización do noso proxecto son os seguintes:

- **Enfoque globalizador** baseado na participación activa e aberta de todos os elementos que configuran a comunidade educativa, nun ambiente no cal os nenos/as aprenderán de forma lúdica a partir das súas **experiencias previas** traballando os contidos tanto de forma intradisciplinar (entre contidos da mesma área) e interdisciplinarmente (entre contidos de distintas áreas).
- **Desenvolvemento en espiral**, xa que os contidos vanse graduando en función da súa complexidade: a súa secuenciación vai dende o máis concreto, cercano e próximo aos alumnos/as, cara o máis abstracto, afastado e descoñecido.
- **Principio de actividade**, a aula debe ser un medio activo, é por iso que se ofrece un medio rico en estímulos, no cal os nenos/as teñan unha participación activa e dinámica: con emprego de moito material manipulable, metodoloxía lúdica, etc... para que o neno/a *aprenda a aprender*, de maneira que se favorece tamén a *autorregulación* da aprendizaxe.
- **Principio de atención a diversidade do alumnado**, debido a que cada un ten unhas características, capacidades e ritmos de aprendizaxe propios, diversificáranse os obxectivos, contidos, tipos de actividades, recursos...
- **Principio de individualización**, non todos aprendemos ó mesmo ritmo, nin de igual modo, nin cas mesma axudas: polo que tamén se ten en conta e se atende de maneira individualiza as necesidades educativas de cada neno/a.
- **Principio de motivación**, pártese das habilidades, destrezas, actitudes, gustos e intereses do alumnado para favorecer a participación activa e



dinámica no proceso de ensino-aprendizaxe, a través de actividades cooperativas, manipulativas, lúdicas...

- **Flexibilidade**, entendida como unha proposta aberta e dinámica modificable en calquera dos seus aspectos en función do grao de consecución, do interese na actividade...
- **Coeducación**, dado que o eixe central sobre o que xira este Proxecto é a biodiversidade pártese da premisa de que o mundo que nos rodea e do cal formamos parte, está composto por unha diversidade de ecosistemas, de culturas, de saberes, de seres humanos... polo que o compromiso dos integrantes desta iniciativa é total.

Para desenvolver estes principios, levaremos a cabo unha metodoloxía ecléctica que nos permite acadar obxectivos máis amplos vencendo as limitacións de métodos máis especializados.



4. ACTIVIDADES

- “**Encontros interxeracionais**”: xuntanzas quincenais ou mensuais (dependendo da dispoñibilidade das familias e avós) para:
 - “**Xogos populares**” : a explicación dos xogos tradicionais da zona, virán avós ou familiares do alumnado que lle explicarán aos nenos/as os xogos da súa infancia e a súa posterior posta en práctica no centro.
 - **Sesións de contacontos**: lecturas e relatos por parte das avoas e avós de feitos reais ou imaxinarios, e recollida en soportes diversos para o seu posterior traballo na aula.
 - “**Sachando no cole**” : elaboración dunha horta, achegamento ao feito natural, coa explicación teórica e práctica por parte dos maiores do xeito de facer unha horta ecolóxica e do seu coidado, para a posterior responsabilización do alumnado do coidado da mesma, sen perder de vista o respecto á biodiversidade. Elaboración dun “Manual Horticultor Infantil” para a súa inclusión nas bibliotecas de aula e na biblioteca de centro.
 - **Costumes e oficios artesanais**: exposición dos instrumentos de traballo dalgún oficio artesán da zona e a explicación do tempo de ocio por parte dos maiores, antes e agora, para que o alumnado confronte a súa propia realidade co pasado.

- **Conto viaxeiro dixital**: elaboración e creación dun texto literario (teatro, conto, cómic, poesía, fábula, etc...) coa súa ilustración correspondente, gravación de voz, e montaxe dixital, trasladando a historia ás outras aulas para a súa continuación e finalización.

- “**Biodiversiccionario Escolar Galego**”: diccionario visual interactivo a través da recollida de vocablos galegos relacionados coa biodiversidade (flora, fauna...) en formato Web, concurso fotográfico para ilustrar o

biodiversicionario, comparando o vocabulario da zona coas distintas denominacións científicas e a súa publicación na internet.


- **Documental televisivo:** elaboración, tratamento e divulgación dun documental sobre a biodiversidade da flora, da fauna, das tradicións culturais... e a súa publicación no blogue do centro e a emisión en Bergantiños TV, coa que colaboramos estreitamente.
- Exposicións e mostras no “**Taboleiro da Lingua**” do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do centro, con visitas periódicas de toda a comunidade educativa.
- **Taller de tradución ao galego:** traduciranse fragmentos extraídos do “Libro de los Seres Imaginarios” de Jorge Luis Borges. Traballo coa interesante obra do autor arxentino para a tradución e adaptación dalgúns fragmentos da mesma ao nivel do noso alumnado. Nela atópanse as descrições de seres imaxinarios recollidas en diversas mitoloxías, así como da man de grandes autores da literatura universal (Kafka, Joyce, Carroll, entre outros) e elaboración de ilustracións por parte do propio alumnado a partires da lectura das mesmas.

Un exemplo:

"É un animal cun grande rabo, de moitos metros de longo, semellante ao do raposo. De cando en vez, gustárame acariñalo, pero é imposible; o animal está sempre en movemento, movendo o rabo d un lado para o outro.

Este animal ten algo de canguro, pero a cabeza é pequena e en forma de ovo; só os seus dentes dan moito medo, aínda que non os amose. Teño a impresión de que o animal quere amaestrarme porque se non, ¿Que explicación ten que me quite o rabo cando quero tirarlle del e despois o volva a amosar para bulir de novo? Este animal é un pillabán. Por certo, ninguén sabe como se chama. "

Franz Kafka, do Libro dos Seres Imaxinarios, de Borges



Tamén abordaremos esta actividade da fauna fantástica dende a web, empregando o portal: “Zoología fantástica de los Andes” en <http://www.educared.edu.pe/estudiantes/zoologiafantastica/>.

- **Concurso de cómic:** realización de cómics no que o tema central será a enorme aportación dos estudosos da natureza dende a Antigüedad até os nosos días (Darwin, Plinio, Aristóteles, o galego Domingo Fontán, pioneiro da cartografía). A historia versará sobre os diferentes descubrimentos neste campo ao longo do paso tempo.

“De entre os animais salvaxes, o león é o único animal que amosa compaixón ante os demais. Na zona da baixa Mauritania, cóntase dunha escrava, Gertulia, que véndose atrapada por varios leóns, berroulles que se atopaba soa, despro texida e feble, e diante das súas palabras os leóns deixaron que liscara(...) César o ditador foi o primeiro en traer seis leóns para o espectáculo público e cóntase que causaron grande terror, cando foron ceibados durante o grande conflito civil, Roma chea de leóns(...) Así, as orellas grandes nos homes, revelan pouco entendemento e folgazaría(...)

Plinio(23-79 d.C.), do Libro XIII da súa *Historiae Naturae*

“As primeiras medidas tomeinas dende o alto da catedral de Lugo, a muralla, e cuadreinas cos meus apuntes de astroloxía. Era o comezo. Aínda non sabía que durante os catro seguintes anos percorrería Galicia enteira medindo, calculando e anotando todo(...)”

Domingo Fontán, cartógrafo galego do século XIX, autor do primeiro mapa de Galicia, da súa obra *Carta Geométrica de Galicia*

- **Certames literarios e concursos poéticos:** co gallo das principais festividades e celebracións do curso escolar (Semana da Prensa, Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Día da Árbore, Día Internacional do libro,

Semana das Letras Galegas, Día do Medio Ambiente, etc...) convocaranse diversos certames literarios e concursos de poesía e debuxo, fotografía, vencellados aos motivos das celebracións. O blogue será o instrumento principal catalizador de toda a actividade.

Merece unha mención especial a conmemoración da semana das Letras Galegas 2010, en homenaxe a Uxío Novoneira. O poeta, autor tamén de contos para nenos como "O Cubil do xabarín", mantén unha estreita ligazón coa terra onde naceu, neste caso o Courel, a terra, a paisaxe, as árbores, os eidos... do mesmo xeito que pretendemos que a comunidade educativa se vincule coa terra onde naceu, coa súas tradicións, paisaxes....

"Unha vivida apertura sobre a natureza, e o eco desta no escuro da intimidade do poeta, constitúen o método de Os eidos"

X.L. Mendez Ferrín " De Pondal a Novoneyra"

Deste xeito dáselle importancia á oralidade da poesía do autor, o que posibilitará a creación dun obradoiro de lectura expresiva. Porque a maxia da poesía radica na beleza do seu recitado, por iso debemos procurar que os nosos rapaces e rapazas dominen a lectura expresiva e deste xeito sermos quen de comunicarlles os nosos sentimentos, as nosas inquiredanzas, as nosas reflexións, as nosas opinións. Resaltar tamén a vontade de desenvolver estratexias de comunicación oral na nosa lingua que lles permitan aos nosos cativos/as seren capaces de sintonizar co outro, desenvolvendo patróns de comunicación positivos dende o punto de vista da posta en valor da autoestima, desenvolvendo a empatía e a asertividade.

- **"A viaxe imposible arredor do mundo"** : participación do alumnado nun concurso de preguntas e respostas sobre as costumes, formas de vida e manifestacións culturais de distintas partes do mundo, ambientando as aulas segundo se trate dunha zona ou outra do planeta.

5. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES

Pese aos recursos materiais limitados dos que dispoñemos así como a súa escasa actualización, o seu aproveitamento vai ser máximo e non vai ser un impedimento para levar a cabo este Proxecto. A pesares do esforzo que supón tanto para o profesorado, o alumnado, a ANPA e as entidades colaboradoras, o principal recurso que nos move para realizar o Proxecto é a motivación.

Os principais recursos materiais cos que contamos para desenvolver as actividades do Proxecto son:

- A aula de informática co seu equipamento: dotada con tan só 8 ordenadores, scanner, impresora e PDI.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Medios audiovisuais.

En canto aos recursos humanos destacar a total implicación de:

- Anpa, co seu apoio incondicional.
- A relación con outros colexios, invitándoos a participar nas diferentes actividades propostas.
- O Concello de Carballo.
- A Asociación VIERO.
- Bergantiños TV, emisora de televisión local.
- Radio Voz Carballo e La Voz de Galicia da comarca de Bergantiños.
- Así como calquera colaboración que poida surxir ao longo do desenvolvemento do Proxecto.



6. NECESIDADES DE FORMACIÓN DE PROFESORADO.

En canto á formación de profesorado, neste curso escolar 2009-2010 realizaranse no centro 3 Seminarios Permanentes en consonancia con este Proxecto e a súa temática. Ademais disto, o profesorado implicado no desenvolvemento do Proxecto realizou diferentes actividades de formación en distintos campos relacionados coa Innovación en Normalización Lingüística, en Perfeccionamento do Galego... así como nas Novas Tecnoloxías e no uso das TICs; tendo en conta a heteroxeneidade das distintas aprendizaxes .

Salientar tamén a bagaxe cultural de cada membro implicado no Proxecto, que nos aportará diferentes matices sobre a temática a desenvolver.


As necesidades formativas que *a priori* poidan ser un inconveniente para realizar este Proxecto serán subsanadas a través de distintas actividades , cursos, seminarios... de actualización informática, de innovación pedagóxica, de innovación lingüística...

7. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO, FAMILIAS E A COMUNIDADE.

Para difundir o Proxecto utilizaremos diferentes medios e vías para que chegue á totalidade da Comunidade Educativa, para que o coñezan e se impliquen no seu desenvolvemento. Tamén pretendemos que esta difusión sexa a máis ampla posíbel, sen marcarnos ningunha meta concreta.

Para isto:

- Actualización do blogue do centro, para a divulgación das actividades e das diferentes fases do Proxecto, para dalo a coñecer na rede e como punto de encontro entre os membros da comunidade educativa.
- Na Revista Escolar “O Sapoconcho Moncho” farase unha compilación das actividades máis salientables do Proxecto e publicaranse para a súa difusión.



- Realización de cartaces, murais, exposicións... sobre o Proxecto e as diferentes actividades que se irán elaborando e expoñendo no Taboleiro da Lingua do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística no corredor do centro; as que terán acceso a comunidade educativa.
- Levaranse a cabo diferentes reunións e entrevistas cos participantes no desenvolvemento do Proxecto para informalos e implicalos.
- Edición e conservación das recollidas e compilacións correspondentes de cada actividade e exposición na biblioteca do centro, entregandolle unha copia a ANPA, as entidades colaboradoras e ao Concello para a súa maior difusión.
- Publicación en prensa, radio e televisión dos medios locais.

8. PLAN DE AVALIACIÓN

A proposta de avaliación do proxecto de innovación estará baseado nos principios de continuidade e de retroalimentación.

Tendo en conta os obxectivos iranse avaliando a consecución dos mesmos dun xeito continuo, sendo abertos e flexibles para ir axustandoos ás circunstancias e necesidades que vaian xurdindo, para que o Proxecto se adapte á realidade circundante.

Tamén se avaliará o grao implicación e de satisfacción acadada polos participantes do Proxecto, así como a súa repercusión dentro da comunidade educativa e no uso normalizado da lingua galega.

Para levar a cabo a avaliación usaremos diferentes procedementos e instrumentos como son: observación directa, conversas informais, enquisas, entrevistas, reunións, etc.



Porque lindo é o mundo tan diverso, queremos aprender para quere-lo,
pouquiño a pouco mais con insistencia como bate o mar contra as areas
creando una canción con cada onda.


Graíño a graíño, di o refrán, a galiña fai papiño,
e nós pouquiño a pouco queremos aprender o noso mundo
que é lindo como o mundo máis lindo,
que é digno coma o mundo máis digno.

E a nosa aprendizaxe será un eco que lle moumee á Lúa
dende este recunchiño do Universo:

Porque sodes diferente nós somos distintos,
porque vós sodes distintos, nós somos amigos,
porque vós sodes amigos, nós somos visíbeis,
porque vós sodes visíbeis, nós estamos vivos.



Antón Cortizas Amado.



Logo de rematado o proxecto alguén preguntou
se coas ilusións dos máis cativos, das máis cativas
e coas experiencias dos nosos maiores, das nosas maiores
e mesmo coas certezaas destes mestres, destas mestras...
...se con todo isto, seríamos quen de levar a porto este proxecto?

Nese momento, mergullados en mares de dúbidas, veunos á
memoria o poema do Antón, e fomos quen de contestármonos.

Xa trazamos o rumbo e agora,
agora andarémolo como bate o mar contra as areas,...
... pouquiño a pouco, mais con insistencia.